



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica – A Coruña
Teléfono 981183969 – Fax 981183679
Email coruna@cigtelefonica.com
www.cigtelefonica.com

Comisión de Xestión - 16 de febreiro de 2009

Trátanse dous puntos: Proxecto GPS e cambios de acoplamento.

Proxecto GPS. A empresa informa de como afecta o proxecto na provincia da Coruña, hai 3 departamentos implicados.

1.- CTNC Centraliñas: A empresa informa da intención de crear un novo grupo de traballo denominado CGU Circuitos e Operadoras, que non dependerá xerarquicamente do CTNC senón de Barcelona. Co argumento de procurar máis satisfacción nos clientes e maior efectividade, pretenden pasar 18 OTPI e 2 EPI do CTNC a este novo grupo.

A Empresa recoñece que na modificación que fixo na anterior reordenación dos CSD, fracasou en algúns aspectos, en todo caso as medidas que toma son as mesmas: externalización de actividade. Neste caso, para que o CTNC poida soltar este persoal, soltará algunhas actividades como as probas de liñas de enlace sen equipos de cliente, liñas que na maior parte pasarán a ser diagnosticadas por unha contrata.

Os pases do CTNC a este novo grupo serían por reestruturación organizativa e de entrada pretende cubrirse con voluntarios, a ubicación será Espiño pero o propio responsable presentou dúbidas sobre se a ubicación se manterá nese edificio no futuro.

A actividade que fará o novo grupo CGU será unha actividade non técnica, relacionada coa xestión e a información aos clientes. Cubrirán con quendas 24 horas os 7 días da semana pero non concretaron de que xeito. Recibirán unha formación centrada en aspectos regulamentarios, acordos a nivel de servizo, seguimento das avarías... Para a CIG é preocupante que de novo a empresa desprece a formación dos traballadores, que deixan de facer un traballo técnico, propio da súa categoría, para facer este traballo de xestión.

2.- Grupo de CGA de Riazor: Incorporarán unha nova actividade ás que xa estaban realizando, o grupo mantense con todo o persoal e non varían as quendas, formarán ao persoal nesas novas actividades. A coordinación cambiará de dirección polo que entendemos que hai unha reestruturación.

3.- I+M A Coruña: Co argumento das actividades de maior valor para a empresa o persoal propio pasará a facer basicamente provisión, pretenden que as contratas cheguen a asumir o 100% do mantemento cos novos contratos. Para a CIG é preocupante que deixemos de facer actividades que requiren dunha boa formación para dedicarse á provisión, isto é tirar pontes e pouco máis. Este é un exemplo de externalización no seu grao máximo.

Tamén teñen pensado deixar de sacar os pontes nas baixas polo que o persoal dos RP deixarán de facer esa actividade, informan que en principio de todo o persoal de I+M ningún cambiaría de departamento e só cambiarían de actividades.

Dende a CIG lle facemos constar á empresa que entendemos o proxecto GPS como máis do mesmo: externalización de actividades e mobilidade funcional para facer funcións cada vez menos propias da categoría. Lamentamos que outros sindicatos non compartan esta mesma visión, amparando e xustificando todos os movementos da empresa.

Cambios de Acoplamento: Neste punto a empresa informa que concederá un cambio de acoplamento dun OTPI de O+M ao CNAI, había outras dúas peticións para o CNAI pero os afectados renunciaron. Posteriormente fomos informados que tamén renunciou este compañeiro polo que non haberá ningún cambio de acoplamento.

Dende a CIG preguntamos polas solicitudes para ir a O+M e a empresa responde que de momento no haberá máis cambios, tamén nos queixamos pola intrusión que a Comisión de Emprego fixo neste asunto. Recordamos que nesa comisión anunciaron o cambio de acoplamento de 3 OTPI, función que lle corresponde á Comisión de Xestión Provincial, quedando ademais completamente en evidencia pois anuncian algo que non haberá. Desta chapuza son responsables a empresa e tamén os sindicatos presentes na Comisión de Emprego: CCOO, UGT e STC-UTS.